

5-11-26

Núm. 35

nós

CASTELLAS



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO  
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO  
Alfonso R. Castelao

DIRECIÓN E REDAUCIÓN  
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:  
Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

- Invocação*, por António Paço d'Arcos.  
*O Nazonalismo de Chopin*, por Magariños Negreira.  
*Unha nova vía romana*, por Manuel Feruández Costas e Manuel Fuentes Canal.  
*Coleición de refrans de almanaque*, por Uxío Carré Aldao.  
*A Edade do Ferro na Galiza*, por Florentino L. Cuevillas.  
*Quod nihil scitur*, tradución por Xan Aznar Ponte.  
*Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza*  
*Os homes, os feitos as verbas*, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano III ★ Ourense 15 Novembre 1926 ★ Núm. 35

## INVOCACAO

(Da "SAUDADE MINHA", livro inédito)

Ó meus irmãos na Dôr, tristes pinheiros  
Onde ecôa de longe a voz do mar  
Numa toada lugubre e saudosa,  
E onde o vento adormece murmurando  
Não sei que estranhas maguas, quer remotas  
Saudades de outro mundo; ó pinheiraes  
Erguidos numa ancia para o ceu,  
Gesticulando á branca luz da lua!  
Son vosso irmão na Dôr: eu tamben sofro  
E como vós tamben, ós Desvairados,  
Alongo os brazos para Deus e rezo...

—  
Ó sol morrendo alem, ensanguentando  
A natureza inteira nesse beijo  
Dorido da partida; ó fogo estranho,  
Eternamente morto e ressurgindo  
Da mesma cinza escura eternamente;  
Em chamas, como tu, eu me consumo  
E ás vezes, sobre mim, a noite desce  
E a dor e mais profunda ás horas mortas...

—  
Extaticos rochedos sobre a areia  
Olhando o azul do ceu e o mar azul,  
Vosso longo scismar quanto me doe!  
Eu tamben sofro assim, ó pensativos  
Rochedos meditando á flor da praia!  
Em mim o mar se quebra num caixão,  
Em mim a terra, empedernindo, morre,  
E, olhando o mar e a terra, eis-me sosinho,  
Abismado nas sombras do Crepusculo...

—  
Sois meus irmãos na Dôr e quanto existe  
Eu irmano tambem nesta saudade  
Da vida que vivi alem de mim.  
Voz das fontes chorando, e do arvoredo,  
Ó lagrimas da pedra, ó dor das aves  
Cantando á luz da lua e ao sol que nasce;  
Ó Dôr de quanto existe, ó Dôr eterna  
Irmã da minha Dôr que vem de Deus!

ANRIQUE PAÇO d'ARCOS

Lisboa

## O Nazonalismo de Federico Chopín



quico dos seus sentimentos.

Esculcando a sua vida, atópase n'ela unha faceta, cáxeque esquenida no tráego da sua novelesca existencia, que fai xurdir cara il unha franca simpatia. Chopin foi nazionalista toda a sua vida. No seu peito latejaron decote xuntamente co amor á Arte, as ansias da libertade pra sua inesquencible Polonia, traídora e cruelmente asoballada. Dende neno sentiu istas arelas, mais non puido chegar, como degaraba, a defender os seus ideaes coas armas. Sua nai, Xustina Krzyzanowska, tivo varias razóns pra facelo arredar de Varsavia. Emilia, a irmán mais nova morrera d'unha afezón pulmonar, e el – tan semellante a ela nos rasgos faciales e nos sentimentos artísticos – facía temer, pol-a sua pouca saúde, o mesmo desenlace; ben sabia tamén, que en canto escomenzase a lotta, o seu fillo morrería sin gloria nin proveito pra sua patria. Por iso quixo que trocase de aires e de vida. Ademais os homes das suas irmáns tiñan cárregos públicos e as suas manifestazóns nazionalistas comprometerían seguramente o seu porvir. E animado pol-o seu mestre Elsner, e cáxeque obrigado por sua nai, alonxouse de Varsavia, e fixo un recorrido artístico por Alemania e Austria, chegando a Paris no ano de 1831.

Ali tivo a ledicia de se atopar con Tito Woyciechowsky, íntimo amigo seu, que chega-

Sin dúbida que a figura mais interesante e suxeiva da historia musical é a de Federico Chopin. Ao seu valor artístico, que o axigante e fai sobresair por riba de todos os grandes músicos, engádese o prestixio persoal e o fondo valor psí-

quico dos seus sentimentos.

ra facía pouco luxindo de Polonia, onde dirixira un fracasado movemento nazionalista. Axíña se puxo en contacto con todos os seus compatriotas, con quen gustaba de parolar na lingua nativa e de lembrar as terras que fan fondade saudade lle causaban.

O nobre e sincero amor á Polonia, plasmouno Chopin nas «Polonesas», composicións musicais desenroladas de temas populares, que cultivou primeiro o príncipe Ogiński, seguindolle dimpois Lipinski e Maysender e logo Weber. Pero ninguén coma Chopin, soupo levar ó pentagrama o entusiasmo e grandeza valente d'un pobo que soupo de señorios e de conquistas. A sua primeira «Gran Polonesa» – di Carmela Eulate no seu estudo encol d'este músico – produxo no mundo musical unha impresión indescriptibel, algo así como si se ollara a estatua viva de Polonia, erguéndose soberbia no meio do París democratizado e afirmando coas notas dos seus temas nazionalees que podía estar sometida, pero que non ficaba domada.

Achándose en Londres, – onde conquerira un dos trunfos mais grandes da sua carreira artística – reponéndose d'unha frebe que o tivera entre a vida e a morte, recibiu a agradabel visita do seu amigo e patriota Tito Woyciechowsky, emigrado en Inglaterra. A presenza d'este valente e nobre polaco que con tanto fervor loitaba pol-a independenza da sua patria, e as longas parolas que os dous sostiveron, esperaron en Chopin, as añoranzas da sua asoballada Polonia, e sentiu os remordimentos da sua inactividade. Leuibrándose de que por amor á Arte, e por defendér os concellos de sua nai, esquenecera os berros doeridos da patria en perigo, chamouse cobarde e arreou a fortaleza e a ardencia d'aquel seu amigo a quen tanto admiraba, pra poñela ó servizo do ideal. Non podendo facer outra cousa, entregouelle a forte suma de dñeiro que lle valera o seu concerto na sâ Broadway.

Mais tarde en París, axudou sempre e gastou

moitos miles de francos en protexer os emigrados polacos. Manifestándolle algúns d'elos o sentimento que tiñan de lle ser tan gravosos, díxolles (l):

— Xa que na insurrección de 1830 non puiden loitar pol-a patria, e oxe podo menos, por acharme doente e sin forzas, deixade siquera que pague iste rescate, e que axude a quen tan nobremente cumpre co seu deber.

A Federico Chopin, uneuno unha íntima amistade cos condesa Potocka, compatriota sua, e nazionalista eisaltada coma él. Moltas serán xuntábanse pra lembrar a terra lonxana e falar na lingua nativa. Chopin fuxía de todos os xuntoiros e reunións onde tan agasallado e desexado era, pra se gorentar na doce emoción d'aqueles viaxes sentimentais, que en compañía da condesa facía a Polonia. El sentido ó piano, preludiaba aires polacos, e improvisaba encol de temas nacionais; cantaba, dimpois ela, coa sua admirable voz de soprano vellas canzóns e cantos populares. Parlaban da patria asoballada e das caizas que tanto arelaban esnaquizar. E ó derradeiro, lián con santo recollimento os delicados e doces poemas de Mickiewicz ou de Witwicki.

Unha serán de outono — por aquél tempo xa estaba Chopin atacado da doença que o matou — en que se achaba na casa de Jorge Sand, nunha d'aquelas reunións en que se xuntaban as primeiras figuras do arte e da literatura, sentíndose desacougado e nervioso, ergueuse silenciosamente e saiu da sã. Ninguén fixo caso da sua saída. Dirixiuse ó cabán próximo en que acougaba o piano Pleyel, e púxose a preludiar os compases armónicos do «andante espianeo» da «Gran Polonesa». Os artistas e literatos que na sã, discutían de arte e de literatura, escollaron as notas do Pleyel amortecidas pol-a lonxanía; de pronto ouviron que aquelles ían aumentando de intensidade,

multiplicando a sua potencia acústica; semeillaban cen pianos soando a un tempo. De súpito ouviron un berro gutural e o Pleyel ficou silencioso. Chopin apareceu na sã. Traguiu os ollos desencaixados, o cabelo revoltado, a face molhada de suor frio. Tremaba de terror e de medo. Preto dunha hora estivo sin poder falar. Dimpols espricou a terrible visión que tivera. En canlo escomenzou a tocar a Polonesa, sentiu que unha forza misteriosa lle enchía a l-alma de enerxía e entusiasmo e que a lembranza da lonxana Polonia se recrucia no seu maxín. Unha névoa escura impideulle ollar o que tiña diante. Mais d'á súpito fixouse crara e Chopin pudo enxergar unha longa cabalgada de cabaleiros polacos ricamente armados a estilo do século anterior. Ao pasar, todos o ollaban fixamente. E il ben liso n'aquila ollada que lle botaban na cara a sua cobardía. Quería parar de tocar mais non podía; unha forza misteriosa obrigábaoo a seguir tocando cada vez con mais forza. A través dos claros que os cabaleiros deixaban entre si, abessullou as nevadas llanuras vistulianas. No instante de soar os derradeiros compases da «Gran Polonesa», a visión esfumouse no ar.

Unha vegada, achándose Chopin nunha reunión en cas da condesa Potocka, dou a coñecer unha composición que a todos impresionou fondamente. Era a sua famosa Marcha Fúnebre. Cando rematou, ergueuse e dixo:

— Ista é a Marcha fúnebre da Polonia escravizada; pero algún dia outro artista de xenio que leve sangue polaca nas suas venas, escribirá a Marcha triunfal da Polonia independente.

O 18 de Outubro de 1849 enterrouse Federico Chopin no címitero do Pére-Lachaise. O seu corpo cubriuse — como era o seu degaro — coa terra de Polonia, que dende que chegara a París, gardaba il como un tesouro.

MAGARINOS NEGREIRA



# UNHA NOVA VIA ROMANA



eisistencia d'unha trasversal que pasando polos vales do Támega e da Arnoya xúntase as vias 17 e 18 do itinerario d'Antonino, foi xa suposta entre outros, polos Sres. Fernández Guerra e Sanjurjo. O primeiro citado pol-o P. Manuel Alves (1) fundándose na inscripción da ponte de Chaves, pensa qu'os dez pobos que nela figuram concurrían no tempo de Vespasiano pr'a construcción d'un camiño entr'os *Lucenses* e os *Vetttones*, por Iria, Caldas de Reis, Cusanca, Carballedo, Ourense, Verín e Chaves, e dende ali ó Douro.

O Sr. Sanjurjo (2) di o seguinte: «Aun debía unirse con la vía (refírese á Via Nova) más adelante de Salientibus otro camino que de Laza, por los Castros de Laza y de Escudero, había de ser uno de los más cómodos y quizás el único para los Aquiflavienses que hubieran de utilizar la vía para Asturica Augusta. Sea o no cierta la inscripción del puente Bibey, los Aquiflavienses tenían fácil acceso a la vía subiendo la cuenca del Támega y continuando por la del Arnoya, si existía este camino y en caso contrario, no podían utilizarla hasta después de dicho puente, sin cruzar las sierras de Queixa o de San Mamed.»

O Sr. Sanjurjo, partindo do erro d'identificar a Salientibus coi Baños de Molgas, levaba a

trasversal dend'os arredores d'esta localidade pasando por Castro d'Escudero, ata a Arnoya e seguindo despois polos vales d'iste río e do Támega pra rematar en Chaves.

Hoxe parece fora de dúbida, de conformidade co-a opinión de Blázquez, que Salientibus coincidia pouco mais menos co actual Arnude.

Como se vé o Sr. Sanjurjo apolaba a sua suposta trasversal en deduccións lóxicas sin mais fundamento real que a eisistencia da ponte de Chaves, cuio orixen romano non se pode por en dúbida.

Nós que teinos andado o val do Támega dende Chaves deixa Castro de Laza, alrevémonos a afirmar a eisistencia da devandita via romana.

No camiño que de Verín leva a Tintores, como o que de Retorta vai pra Laza e Castro de Laza, aprécianse sítios de camiño romano, poule Pedriño sobr'o Támega, en Malamá (Laza) está asentada en cimentos d'unha antiga ponte cuio orixen non podemos fixar, mais coidamolo romano.

Pro o que identifica sen lugar a dúbidas o camiño que nos ocupa, son dous milierios



(1) *Estudos arqueológicos da Major Castrina Beira*, Archeol. port. vol. XX, 1915.

(2) *Los caminos antiguos y el itinerario 18 de Antonino en la provincia de Orense*, Rel. de la C. P. de Monum. Orense, tomo II e III.

inéditos achados na dirección que aproximadamente debía levar a pretendida vía. Un foi atopado por nós en Tamagos, aldeia situada ante Verín e a fronteira portuguesa. Ven a ter un metro de longo por 35 centímetros de diámetro (lástea qu'a perda d'uns apuntes nos impida dar as medidas exactas das duas pedras) e forma parte da fachada d'unha humilde casa situada no centro da dita vila de Tamagos.



Por desgracia este posto de tal xeito que deixe coberta case toda a leenda da que pouco mais se pode ver qu'as letras ANT.

O outro miliario está no «Muiño da Veiga», ante verín e Vilela, a uns dez kilómetros do anterior. D'esta pedra tivemos coñecencia pol-o ilustrado párroco de Verín, Don Santiago Rodríguez. É meirande q.:o de Tamagos e d'il pode dar idea a fotografía I, na que se pode apreciar o desgaste natural da pedra a causa

de s'atar a ela dende tempo inmemorial os ronzais das bestas que van ó muiño polo que é d'imposible ou dificilísima leitura. Está disposta de forma qu'as letras quedan invertidas, como fácilmente se pode ver na fotografía.

Ademais d'esta epigrafía, escrusiva das vías romanas, acháronse en diferentes épocas, pero da trasversal qu'estudamos, outras lápidas romanas, qu'anque por si soílas non presuponen a existencia d'unha via, poden así e todo contribuir a identificala. Temos á vista unha interesante monografía do noso amigo, o mestre Florentino L. Cuevillas en col da distribución da epigrafía romana non millaria na provincia d'Ourense, e d'ela dedúcese que quitando seis, todal-as inscripcións romanas da provincia están nalgúnha via ou trasversal.

A nosa trasversal conta deixa hoxe a mais dos miliarios citados, con tres lápidas romanas: a d'Alvarellos, núm. 2.512 de Hubner, e 13 de Vázquez Nuñez; a de Abedes, número 2.522 do primeiro, e 14 de Vázquez Nuñez e unha era inédita, descuberta por nós en Castrelo do Val, e que reproducimos na fotografía II. Áchase esta pedra nun párlio da casa do Sr. Sabaris do dito pobo; ten d'altura total 91 centímetros por 46 d'anchur e 33 de grosso.

Parécenos bastante todo o dito pra deixar determinada esta via en liñas xerais. Non pudemos estudala en todo o seu longor, com'era o noso desejo qu'agardamos cumprir algún dia; mais en tanto queremos deixar sentadas as nosas observacións que poden servir de base pra ulteriores e mais concienclados traballos.

MANUEL FERNANDEZ COSTAS e

MANUEL FUENTES CANAL.





## FESTA DA LINGOA GALEGA

# COLEICIÓN DE REFRANS DE ALMANAQUE

LEMA:

«A anada non se pilla á carreiras».

## I N T R O I T O



*Refrán* debe de ser considerado como a primeira e a más sencilla manifestación do arte popular, pois o elemento paremiológico foi o lazo de unión entre da lengua e da poesía do vulgo e da dos eruditos.

Contra do que pol-o xeneral ou común das xentes se coida é labor merecente e dina de ser louvada a de recoller as máis sencillas tradicionais do campo que teñen por obxecto as prácticas da agricultura e da meteorología nas suas mutuas relacións, formando así eso que se chama:

*Refrans do pronóstico*

\*\*

O *Refrán* é de todos os tempos e lugares; pero en España non se lle apricou tal nome senón dempois de varios séculos de existencia.

O distinguido escritor Sr. Colarelo y Mori nos di, nun dos muitos dos seus excelentes traballos, falando d'esta materia «que desde comienzos do século XIII hasta os mediados do XV, nosos refrans levaron o nome de *fábula*, *fabililla* e outros diminutivos do mesmo verbo; *patrana*, *partilla*, *verbo*, *viesso*, *palabra*, *retraire y exemplo* ou *proverbio*, o mais común de todos, sin que nin unha sola vez se haxa atopado coa voz *refrán*, que ao fin e á poste chegou a prevalecer».

\*\*

No noso meigo terra galega son moitas e moi curiosas, ao par que interesantes, as coleccións formadas d'esta ponla do *folk-lore*. Entre das, mais ou menos extensas, referentes aos refrans en xeneral citaremos as de R. C. (Ricardo Caruncho); Leiras Pulpeiro, Manuel Murguia, Pérez Ballesteros, Saco Arce, Marcial Velladares, Carré Aldao, A. de la Iglesia e outros.

Canto as coleccións agrícolas e meteorológicas cumple sinalemos as de Alvarez Jiménez, Pedro Merille (Salvador Golpe) e Carré Aldao.)

Vaia pois, agora esta nova escolleita a Iles facer compañía ás que deixamos ditas. Poderíamos facela mais longa e á mais concordalha con refrás d'outras comarcas e países, xa para facer resaltal-a analogía do noso refraneiro cos allos, xa para remarcal-as diferencias de concepto, habidos a desigualdade de condicións climatológicas e topográficas, como por exemplo no noso refrán:

*Ano de nevadas, ano de fornadas.*

que ten os seus similares en:

*Any de neu, any de Deu.* en Cataluña.

*Año de nieves, año de bienes,* en Castilla.

*Anno de nevao, anno de pao,* en Portugal.

*Année ée neige, anne de bon grain,*

en Francia; e

*Annata nevaria, annata frumentaria,*

en Italia;

mais que ten o senso contrario na provincia de Badajoz, onde:

*Año de nieves, nunca lo vieres  
e nas provincias andaluzas, nas que:*

*Año de nieves, año de bienes... en tu casa  
si los tienes.*

Véxese, pois, a comenencia de facer ese estudio comparativo; mais non o creemos axeitado no caso presente e o deixaremos para mais adiante s'esta nosa colección tivera a fortuna de obter algúnsa recompensa.

\*\*

Estivemos cavilando que forma poderíamos lle dar ao noso traballo e dempois de molto pensalo, pareceunos a mellor a de xuntalos refrans en diferentes grupos, que garden certa analoxia. Dividímoslos en

- I Referentes ao ano.
- II Pronóstico das estacóns.
- III A Semán.
- IV Festas movibres.
- V Meses do ano.
- VI Predicíos do tempo.

Alá van, pois, no precuro da benevolencia d'un xurado digno e competente, nas mans de quen encomba o seu traballo.

*O autor, mellor dito, recopilador.*

### REFRANS DO PRONÓSTICO

#### GRUPO PRIMEIRO

##### REFERENTES AO ANO

- 1 Año de ameixas, año de queixas.
- 2 • • amores, año de choras.
- 3 • • nevadas, año de fornedas.
- 4 • • noces, año de voces.
- 5 • • , año de mortes.
- 6 • • peras, nunca vaca veñas.
- 7 • • landras, año de grásas.
- 8 • • saltón, año de perdigón.
- 9 • • ovelas, año de abellas.
- 10 • • xiadas año de parvas.
- 11 • • moita herba, año de moita m....
- 12 • Seco tras de mollado, garda a lón e vende ao fiado.
- 13 Año novo, vida nova.
- 14 A anada non se pilla á carreira.
- 15 Anadiña pouca, anadiña moita vai chegando unha co a outra.
- 16 Cando Deus quere dal-a anada, n'a tolle chuvia nin xiada.

- 17 Cando o ano entrare en domingo, vende o boicifio e merca millito.
- 18 A Galicia a fame ven nadando, ou
- 19 A Galicia ven a fame nadando.
- 20 Cal o ano tal o xerro.
- 21 En ano de viño, compra ou garda viño.
- 22 En ano que moi chove, o labrador traballa mais que come.
- 23 Alá val serodio con temperán, mais non na palla nin no gran.
- 24 Año de laceiras, en cada esquina unha panadeira.
- 25 Nos meses sin r, marisco non comes, nin marisco merques.
- 26 Colleita mollada é meia anada.

#### GRUPO SEGUNDO

##### PRONÓSTICO DAS ESTACIÓNS

- 1 Dende Santos a Nadal é inverno natural, ou
- 2 Santos e Nadal, inverno carnal.
- 3 No inverno sobre todo o gando ha de estar ben comido.
- 4 No inverno non hay mal can, nin mala pólvora no vrán.
- 5 O inverno come e non cría.
- 6 Enxamio probe nace no inverno e no Mayo morre, ou
- 7 Enxamio probe no inverno nace e no Mayo morre (é o núm. 14 de Mayo).
- 8 No inverno sempre precura q 12 de augo non haxa fartura.
- 9 Dende que ven o cuco, fora pulpo.
- 10 Dende as cereixas aos nabos, ben estamos; dende os nabos ás cereixas todas son queixas.
- 11 Augoas en Outono insta á seu dono.
- 12 A hora en Outono, manter á seu dono.
- 13 Tral-o veranito de San Martiño chega Nadal c' o seu inverniño.
- 14 Froles en Outono, fame en ano novo.
- 15 A verdura no Outono, coma a seu dono.
- 16 Día de San Martiño, proba o teu viño (duplicado no núm. 4 do mes de S. Martiño).
- 17 Dempois de San Martiño deixa a augoa e bebe o viño (duplicado núm. 9 do mes de San Martiño).
- 18 Cando ven o cuco, ven o pra ao suco.

- 19 En inverno o gando sobre todo ha de estar ben alimentado (variante do núm. 3).  
 20 O sol no inverno sal tarde e ponece cedo (véxase o núm. 17 de Xaneiro).

Outros muitos mais refráns hai que poideran fer cabida n-este grupo; pero os deixamos para os seus respectivos meses.

### GRUPO TERCEIRO

#### A SEMÁN

- 1 Candó o Domingo chove dempois da misa, a semanía enteira vaise de risa (sommella ao núm. 4).  
 2 A muller o Domingo e o millo c' o rocio.  
 3 Non hay Sábado sen sol, nin romeiro sin frol, nin dona, ou dama, ou Marica sin amor.  
 4 Se Sábado chove e Domingo ante misa, pol-a semán adiante verás que vesga (concorda c' o núm. 1).  
 5 Sábado a noite, Marica toma a roca ou a roupa.  
 6 En Martes nin te cases nin te embarques.  
 7 Traballadorita dos días de festa, relóceche o c. por entre das xesías.

### GRUPO CARTO

#### PESTAS MOVIBRES

- 1 Martes do Antroido ¿cando has de vir?  
 Casquías de ovos que habés de roxit.  
 2 O Antroido co as suas artes botou á San Matías fora do Martes (véxase Febreiro).  
 3 Cada Antroido, seu choqueiro.  
 4 A Pascua onde quixeres, e o Antroido onde es mulleres.  
 5 Por San Pedro da Cuadrela (cuadra gesima) sal a cobra da sua pedra.  
 6 Domingo de Ramos o que non estrena fal-tanlle as maos.  
 7 Domingo de Ramos lava os teus panos que na semán de Pasión, lavorás ou non.  
 8 Se a procesión de Dolores sal, tamén salen as demás.  
 9 Altas ou baixas no Abril son as Pascuas.  
 9 Por Pascua de Resurrección tres cousas non teñen razón: sardiñas saladas, castañas asadas e predicación.

### NÓS

- 10 Na semán d'Ascensión, tres días carne e tres días non.  
 11 Chuvia na semán d'Ascensión, cría nos trigos mouron; pro é un regalo, San Pedro c' o seu xerro; San Cristobo c' o seu cobo; Santa Mariña co a sua regazadiña; Santiago c' o seu canado; San Lourenzo c' o seu caldeirito penzo; Nosa Señora c' o a sua ola; e San Miguel c' o seu tonel (véxanse os números 17 e 18).  
 12 Durante a vintena de Advento, veñen á tempo, chuvia, neve e vento.  
 13 Cada cousa no seu tempo e os nabos pol-o Advento.  
 14 Pascuas molladas, muitas sobradas.  
 15 • enxoitas, nin poucas nin moitas.  
 16 Dempois da Pelengrina (primeiro domingo á partir do 8 de Septembro) o inverno ven axiña ou vense encima.  
 17 A chuvia na semán d'Ascensión leva o centeo e deixa o relón (véxase o núm. 11).  
 18 Chuvia na semán d'Ascensión, nin boa faba nin bon melón (véxase o núm. 11).  
 19 O traballo da Pascua arde como a escua.

#### ARVERTENCIAS:

Nos refráns dos meses hay algúns que corresponden á dous ou máis de eles: uns van repetidos en cada mes e outros son mentes figuran no primeiro a que fan referencia.

Así mesmo facemos notar a relación de uns con outros sinalandolles o número que teñen no mesmo mes ou o que levan n-outro, no que tamén se insertan.

### GRUPO QUINTO

#### OS MESES DO ANO

##### Xaneiro:

- 1 N'hay lúa cal do Xaneiro, nin amor como o primeiro, ou Luar o de Xaneiro, carño o primeiro.  
 2 Xaneiro, xiadeiro.  
 3 Obreiro en Xaneiro, pan te comerás e obra non farás (contrario ao núm. 26).  
 4 Por San Antón, xa a galinha poa: pol-a Candelaria a mala é a boa.  
 5 Pilo de Xaneiro vai co a sua mal ao polleiro.

# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

## AS SÍTULAS E AS DOAS DE VIDRO

Villaamil e Castro atopou en terras de Mondariz uns anacos d'unha sítula de bronce, anacos por fortuna d'abondo numerosos pra que equil arqueólogo chegara a determiná-la



Fig. 128



Fig. 129



(Restitución)  
Fig. 130



(Restitución)

Fig. 126 bis



Fig. 131

(Restitución)

Fig. 127

sua forma do gelo que se reproduz na figura 125. Estaba esta peza provista d'unha tampa ou coberteira, e nos puntos d'união das angas co caldeiro, presentaba unhas láminas decoradas

con espirás (fig. 126), (1) send'o seu conjunto case idéntico á d'un exemplar bretón desatado no túmulo de Redher en Plougenmeleñ (Morbihan).

Outra clés de sítula que tamén debiu ser usada na nosa terra, é a que se ve no, repujado da diadema de Ribadeo, de forma ovoide con grandes angas, boca estreita e unha especie de pé, semellante a un tipo itálico da necrópolis de Arnoaldi, que s'atopou tamén en Cowrins (Irlanda).

Compre afastar dende logo a opinión admitida hasta hai poucos anos, que consideraba as doas de vidro com'oujetos de fabricación oriental y-espallados no Océano polos mercaderes de Tyro e Cartago. Sábese hoxe qu'os Fenicios non manufacturaron o vidro hasira ben tarde e qu'a sua introdución na Europa é moi anterior ó comezo das suas expedicións mercantís.

A industria vidreira ten, asegún se cree actualmente, a sua orixe no Egipto, e dende ali foise estendendo pol-o Mediterráneo pra rubir despois car'o N. polos velleiros do estano e do ámbar. Produto d'importación na Edade do Bronze, o vidro principiou a traballarse no centro e no W do noso continente, ó parecer nos meiodos da Edade do Ferro, y-alcanzando a sua máisalta alívidade no período de la Tene, en cujos jacimentos alcóntranse d'abondo doas y-enfeites de moitas clases.

Pol-o que toca a Galiza, principal centro estannífero no alborexar da Edade do Bronce, é case seguro que dende cedo o comezo d'iste metal houbera introducido n-a elas os tubitos anelados qu'apareceron tamén no Argar e na Gran Bretaña.

Os tipos de doas que foron achadas na civi-

(1) Villaamil, ep. c<sup>o</sup>.

dade de San Ciprián de Lás, singularmente abundante nestes oujetos, son os seguintes:

A) Doas esféricas ou cilíndricas, de coor verde, con ollos incrustados a zonas circulares brancas y azuis.

B) Doas de vidro, de ruín fabricación, de coor azul e que se presentan sempre moi descompostas pol-a aición do tempo (idénticas moi semellantes alcontrounas Santos Rocha en Santa Olaya).

C) Doas de vidro circulares ou discoidais de coor amarelado, co vidro traslúcido e d'excelente fabricación.

Nos nosos jacimentos é pouco frecuente a aparición d'utiles d'uso industrial ou doméstico, en que són tan abundantes as estaciós francesas de la Tene y-alinda o Castro asturiano de

NÓS  
Lás e depositado o segundo no Museu d'Ourense sen indicación de procedencia.

## XVIII

### A CERÁMICA

*Fusaiolas e pesas de tear.* — Teñen os oujetos d'esta clás que coñecemos, as formas ordinarias que lle son propias en case a totalidade das civilizacions protohistóricas. Esféricos, cónicos e mais frecuentemente discoidais, de selección bicónica ou prano-convexa, non ofrecen nin pol-o seu gello costrutivo nin pol-o seu adorno reducido a sinxelas liñas riscadas, ningunha cousa dina de retel-a nosa atención.

*Os vasos.* — A circunstancia de ter apareci-




Fig. 132

Caravia, podendo enumerar soamente a iste respecto, unha fouce de ferro atopada no N de Portugal (1) y-outra de bronze alcontrada no Tecla, téndose achado tamén n'esta cataria duas pinzas, varias agujas y-unha folla de coitelo.

Com'oujetos d'uso desconocido, podemos señalar un pequeno bronze cóncavo e rectangular, decorado con cadrados de cravos remachados polos dous lados e a lámina tamén de bronze c'-os característicos circos estampados procedente o primeiro de San Ciprián de

do todo material cerámico de que dispomos antrás ruiñas das catarias ou na área dos castros, onde soilo por casualidade com'en Santa Olaya, atópanse juntolos testos d'unha mesma vasija, fai pouco doada a determinación das formas que temos que realizar case sempre por conjecturas, de seguridade moi relativa.

Contamos así e todo con dous potes traballados refeitos que proceden do monte de Santa Tecla, e co ferro dentro do cual apareceron as arrecadas portuguesas do castro de Laudos, y-engadindo a istos elementos o que poidemos observar estudiand'os testos recollidos.

(1) Villaamil, op. cit.

dos na cidadade de San Ciprián das Lás, podemos sinalar já os seguintes tipos:

A) Ola grande, de paredes grossas, boca ancha e collar curto e pouco revirado. Atopáronse restos destas vasijas en San Ciprián das Lás e no Castromao, perto de Celanova (figura 126 bis).

(B) Jorro cilíndrico, ó geito de bock e provisto d'unha anga acanalada (San Ciprián das Lás, (fig. 127)).

C) Pote pequeno, de paredes finas, moi ensanchado no centro e con collar estreito e moi revirado (fig. 128).

D) Pote do mesmo tipo qu'o anterior e provisto d'unha anga (Santa Tecla e San Ciprián das Lás, (fig. 129)).

E) Prato circular de bordes erguellos e de paredes grossas (San Ciprián das Lás, (fig. 130)).

F) Jorro sen angas yesirelado na parte central (Castro de Laudos, (fig. 131)).

G) Jorro coa anga partindo da boca (figura 131 bis).

Todas estas vasijas están feltas a maio, e son de barro ordinario con moitos graus de cuarzo incruídos na sua mesa; anqu'ás veces y-en testos de vasos pequenos, nótase un maior colado na sua escolha e preparación, pero todas elas presentan en general os carauteres propios d'unha boa cocedura, o que fai sospeitar en contra do dato suministrado por Strabón, qu'os galegos da Edade do Ferro coñecían o uso do forno cerámico.

As decoracións praulicábanse por riscado ou por estampado, conseguíndose isto por meio d'unha rodiña que levaba entallado no borde o dibuxo ou por moldes negativos que se manexaban ó geito d'un sello.

Os motivos decorativos son pouco mais ou menos os mesmos qu'alcontramos já nas pedras esculpidas e nos adornos das joias. Circos sinxelos ou concéntricos, semicircos, eses, triángulos, losangos, espíñas de peixes, grupos de liñas, pétalos, pérolas ou riscadellas angulares qu'a veces arrodean o borde das vasijas.

Estas decoracións disponenase case sempre en zonas horizontais separadas por liñas riscadas ou salientes, sendo particularmente notable pola sua identidade coas cerámicas vilanovianas, a decoración en faixas de eses e circos cuia aparición señala Leite no N de Portugal e

que tamén atopáron en San Ciprián das Lás. De todas elas dará millor idea qu'a descripción mais miuda os dibuxos da fig. 132

Como se vê, non hai na nosa industria cerámica nin primores de fabricación incomparables co descoñecemento da roda, nin grande originalidade nos decorados, nin xiquera espero na escolha e preparación dos barros. Son as nosas olarias protohistóricas rudas e sinxelas, y-o seu principal mérito é sen dúbida o de seren inteira e prenamente galegas.

En efecto, no meio dos vasos á roda do E. S e C da Península, decorados con pinturas, que si ben se limitan ás veces a zonas cooreadas d'amarelo e bermello, reproducen outras figuras de bestas pantásticas y-hastas s'artisan a representaren vivas escenas de caza e de combates, as cerámicas da nosa terra, felias á maio y-adornadas con motivos geométricos riscados ou estampados veñen co-a sua presencia a sinalar unha separación antiga nosa cultura dos Castro y-as civilizacións do resto da Península, y amostraren com'en Galiza ceibe d'infruxos estranos, perduraron nas cerámicas como nos demais oujetos, os vellos estilos hallstátticos e subsistiron deica a aparición das ánforas e dos barros saguntinos.

E co-esto, dou por rematado o meu traballo, que coma dixen ó principiar, non é mais qu'un intento de sistematización da protohistoria galega, época singularmente interesante já qu'e nela a nosa terra aparece por vez primeira ós ollos dos investigadores, autónoma e diferenciada das outras rexións peninsulares.

Moiño hai que facer e que descobrir ainda con respecto a este período da vida de Galiza. Qu'iste meu labor d'oxe poida facer mais doadas as labores futuras e qu'os obreiros de mañá os alumee a mesma estrela que m'alumna a mi, é o meu único desexo. Qu'os que veñan despox traballen como nós traballamos pola santa Galiza, nai amorosa y-esquecida.

Ourense, a oito d'Abril do ano de mil novecentos vintecatro.

FLORENTINO L. CUEVILLAS

Non deixe de mercar  
COUSAS por CASTELAO  
Prezo CATRO pesetas

# QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

Si ainda queres engader mais, os monstruos qu'aparecen cada dia, tantos e tan difrentes, sobre todo no nome, os sexos misturados antr'algumas especies e en individuos d'especies difrentes; especies mixtas, coma o macho, do asno e a égoa ou do cabalo e a burra; o leisico do lobo e a cadela; do touro e a égoa, o cabrito montés; os quales son vulgares entre nós; do coito do can e a raposa, do tigre, da hiena e do lobo cos que din que se xuntan. debe resular unha terceira especie, coma do camello co-a égoa, do galo co-a perdiz, e si é certo o que din do abutre co-a águia do que s'enxendra o oxifrago.

A mesma mislura ousérvase nos arbres e outras plantas, coma no caularapo, nas malopérssica e amigdalopérssica e muitas outras, nas que por medio d'un enxerto, outense unha natureza intermedia antr'o enxerto e aquela en que o inxiren; si por fin engadel-o troques nas especies, coma no trigo ven ás veces a cizaña, e d'esta tamén o trigo, e a avea do centeo; s'engadel-o troque de sexo n-algunhas persoas, d'unha virxe en varón, coma dixerón aquiles (Hipócrates e outros) faral-o asunto moi difficile, e non saberálo *quid* nin o *quomodo* nin o *a que*, nin o *quare*. Alnda i'renos o saberei eu.

E n-aquiles seres que non teñen alma, é mayor o cámbeo, maior a diversidade na xeneración e na corrupción. Ademais apárlannos da ocasión de saber, os variados e encontrados, efectos da mesma causa; e pol-a contra, as varias, muitas e contrarias causas d'un mesmo efecto.

Un soilo cixemplo (pra non ser prolixo de mais xa que no libro *In rerum examine* hanse discuir estas causas con mais vagar) sexa prati o calor, o qual o mesmo enxendra que corrumpé, quenta que enfría branqueia que ennegrece, afia que en grossa, arreda que xunta, derrete que coalla, seca que molla, enrarez que condensa, dilata que contrai, alonga que encolle, endoza que amarga, fai pesado que levián, dondo que duro, atrai que repele, move que detén, aleda que entristez. Pol-o deradeiro, que causa hai que non faga a calor? Iste é a divindade subluar, a mau dereita da natureza, o axente dos axentes, o motor dos

motores, o principio dos principios, a causa das causas, o instrumento dos instrumentos, a y-alma do mundo. Non sin razón, nos comenzaos da filosofía, creeron muitos dos antigos qu'o lume era o primeiro principio das causas. Con razón chamou Trimegisto Deus ó lume. Con moita razón, Aristóteles pôdolle chamar a calor do ceo, anque non creese qu'a calor do ceo fose Deus; e por iso n-iste punto é inxustamente censurado por Cicerón. Pois que causa millor qu'o lume nos dará ideia do poder e da virtude de Deus bô é omnipotente e unha imaxe da sua inefable divindade? Il mesmo insinuouse pol-o lume, amostrándose a primeira vez n-unha ardente silva; e guiendo c'unha columna de fogo pol-o deserto ó seu pobo predileuto; e descendendo en lóngas de fogo sobr'a xuntanza dos seus elecidos.

Ves cantas causas; e así e todo, non é mais que un simpre incidente, cuie razón com'a das demais causas énos desconecida. Como fai il soilo lanias causas. É difficile d'entender e ainda mais difficile d'espresar, e dificilismo ou cecais impossíble as duas causas. Distinguen illes o que é *per se* d'aquel que é *ex accidenti*; ouxetan a variedade do asunto, calquera causa das que é mais difficile qu'a primeira. Quén coñece esasalmente esta variedade? Ningún. Din somentes algunas causas probables; mais nada saben de certo. D'eslo, despois. Agora abonda saber que nada se pode coñecer inteiramente.

Pol-a mesma razón: un efecto producido por causas contrarias, trai pra nós gran ambigüedad. A friaxe provén xa do movemento, coma na agitación do curazón, do torax, das arterias e da auga quente; xa da quietude, coma si o home descansa despois d'estar quente pol-o movemento. A calor o mesmo, do movemento da carreira; da quietude si descansa o curazón, ou si non moves a auga fervendo. A negrura da calor nos Etiopes; do frío no membro morto, ou por molto tempo suspendido, sobre todo si pol-a comprensión s'impide o transito do sangue pol-as arterias. A podre, de todal-as calidades, agás a sequedad.

(Continuaráse)

## Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

### Adición á festa do 3 de Mayo, ou da Cruz, en Laza (Verín)

A nota que nos deu o Sr. Fuentes Canal e que publicamos no número anterior, temos qu'engader o seguinte:

• A Eva leva no brazo unha gueipiña chea de mazás, e vai flando, provista de roca e fuso. O Adán leva unha eixada ó lombo. Simbolizan asegún o noso comunicante - Don Manuel Fernández Costa o traballo a que foron condenados ó seren botados do Paraíso. \*

Debemos considerar iste costume com'un resto das representacións sagradas da Edade Media, ou Autos Sacramentais, nos que se representaban escenas bíblicas, evanxélicas ou simbólicas. Tocantes ó simbolismo, no caso presente, debemos faguer notar o feito d'apareceren Adán e Eva na festa da Santa Cruz, sinal e instrumento da nosa redención da culpa qu'aquiles doulos cometean, pra nos lembrar a un tempo o pecado e o perdón, de xeito que a ceremonia ven simbolizar, en esencia, e dendo modo de ver cristian, toda a vida espiritual do home. O mesmo veñen representar muitos dos cruceros da nosa Terra, que teñen na parte baixa da columna as figuras d'Adán, Eva e a Serpente qu'os atentou, de sorte que a Cruz, abaixo, é o arbre do Paraíso, e enriba, o arbre da salvación. Concorda co-a doutrina - sostida entr'outros, se me non lembro mal, por Catalina Emmerich - de ter sido feita a verdadeira Cruz, co-a mesma madeira do arbre do Paraíso, qu'estaba había moi na Piscina Probetia, a cuas augas comunicara a virtude.

Mais esto non explica os curiosos detalles, cecals o mais importante, da cerimonia de Laza. Pra elo teríamos que recuar moi no tempo, e irmos ós tempos pagaos, e d'istes os mais primitivos. É ben sabido a parte principalista que nos cultos antigos tiñan, e teñen hoxe nos cultos salvaxes, as representacións, danzas e mascaradas representativas, da vida dos deuses e dos *totems*. O Cristianismo ó

organizal-as festas de caraute popular, recollen unhas vegadas de boe vontade e outras pol-a forza de sobrevivencia dos costumes dos pobos, moitas cousas da pagania, hoxe de feito inofensivas, e ás que ademais, tendo perdido a sua sinificación antiga déuselle outra compretamente diferente, axelitada ós novos tempos e as novas creencias. Veleiquí un dos estudos qu'estrán por facer na nosa Terra.

V. R.

### Os cigarróns

En Laza ven tamén o costume dos *cigarróns*, que s'estenden a Verín, e derradeiramente, tamén a Ginzo.

Son homes que saen pol-o entroido, c'un vestido imitante ó dos toreros, c'unha carantoña de pau, e un chapeu que semella unha interpretación do tricornio de fisco século XVIII. Ó lombo levan unha pelica d'ovella, na man un pau c'unha vixiga de porco inflada, e no cinto axóuxeres e campañas.

O *cigarrón* ten dereito a bater coa vixiga a todos os que pasan e ninguén lle pode bater a él, fegao que faga. Entroques, axente anda atrás d'él aldraxándoo. Ás vegadas, xúntanse dous *cigarróns*, collen a calquera pol-as pernas, e lévanlo á taberna, e o interesado lenllas que pagar viño. Percorren moitas aldeias, e chegan nas suas escursións deixa os Milagros.

Fora da terra d'onde saen, levan diferentes nomes, ou houbo outros persoaxes imitantes n-outro tempo, porque en Maceda temos ouvido referir que pol-o entroido viñan os *fechos* de Limia, vestidos com os toreros, con pelica d'ovella, chocas das vacas no cinto e caraute e caperucho de pau, todo dunha peza. Pedían carlos, e untaban os zapatos da xente co ber-gallón do porco.

O nome de *fechos* ou *fechos* ouvimos tamén na parte d'Allariz, sen referencia precisa.

Tamén sen podermos determinal-a locali-

dade, anque con referencia ás terras de Caldela e Lemos, ouvimos falar dos *murrleiros*, que viñan de lonxe, vestidos do mesmo xeito, que pedian esmola e «sacaban as murrías das pernas». Mais tarde, en Cristosende (concello de Parada do Sil) e na Teixeira, en Terra de Caldela volvérónos falar d'un *murrieiro* que saía no entroido c'unha sorte de pantalla piramidal na testa, e cinto con chocas.

Non poden ter outro orixe os *choqueiros*, de que fala Picadillo, en *Pote aldeano*: «viste generalmente de señora, y le sirve de antifaz, bien una *filloa* o bien la piel de un conejo o liebre. Su característica es una borrahera de *caña*; y entra en el baile repartiendo pelos a diestro y siniestro... Al *choqueiro* le está prohibido el uso de la palabra... puede dar gritos salvajes, saltar por encima de la concurrencia...» *Choqueiro* chaman ós *irrios* de Teixeira (Caldela) que levan chocas. Efectivamente, o nome venelle das *chocas*, campañas ou cencerros. A verba é da mais crara derivanza céltiga, de *clocce*, que deu en francés *cloche*.

Os *Charias* d'Allariz son hoxe máscaras fachosas que levan un *pau* p'recorrallos rapaces, chamándollos;... Charría, m... crúa! Antigamente iban vestidos de coloris, c'un cinto de chocas, un zurriago de pelica e unha sorte de monteira, e iban pol-as aldeas pra que lle deran algo. Non sabemos s'a monteira era de pelica, ou a pelica pasou do corpo á punta do pau. Tocantes ó nome, temos ouvido asegurar que lles viñera d'un qu'había en Xinzo, que se vestía todolos anos, e chamábanlle *Charrúa* d'alcume, o cal non pode ser certo.

O *Irrio* que vai diante da procesión da Virxe dos Remedios no Castro de Caldela, leva unha carantoña de pau, un frac e pantalón, xeralmente a cadros de coores, reberetados de marelo ou bernello, e na mau un zurriago de pelica, seca antigamente de vixiga de porco, e corre ós rapaces que lle berran: — Irrio, irrio peliqueiro! Non quita que o *apelativo* de peliqueiro lle veña de ter levado n-outro tempo a pelica ó lombo. Xa falamos mais enriba dos *irrios* ou *choqueiros* da Teixeira, sen dúbida relacionados co-iste. Os dous concellos limán, e dend'o Castro, vése a Teixeira.

Don Manuel Fernández Castro entéranos de que o Abade de Castrelo do Val, Don Manuel Fuentes, nun traballo publicado en 1912 no *Heraldo de Verín*, en col das antigüidades d'aquela vila, di:

«Sea o no cierta la inscripción del Puente Bibey, los *aquivillavieenses* tenían fácil acceso a la vía (refírese ó Itinerario 18 d'Antonino) subiendo la cuenca del Támega y siguiendo por la de Arnoya, si existió este camino, y, en caso contrario, no podía utilizarla hasta después de dicho puente, sin cruzar las sierras de Quelja y S. Mamed. En este caso estaría más apoyada la opinión que hemos oído de que nuestros populares y antiguos *cigarrones*, fueron importados de las costumbres gentílicas de la Zigarrosa; por más que, aunque sea cierto que sólo existían en la dirección de la transversal que indicamos, y aunque es verdad que, a excepción de Verín, Laza y hasta los Milagros, donde los hemos visto, no se conocen tales cigarrones más que en la parte de Asturias que confina con Galicia, con el nombre de *Girlos*, tan parecido al de *Gigurros* que eran los de la Zigarrosa, no alcanzamos la razón porque dicha costumbre no haya quedado en lugares más próximos al Forum Gigurronum.»

Non hai dúbida qu'os dous nomes *Girlos*, ou millor *Guirrios* — do que cicais ven o *Irrio* de Caldela — e *cigarrós*, semellan derivación dobre de *Gigurros* ou *Guigurros*.

Ora, Fausto Vigil, estudiando os *Sidros*, *Guirrios*, etc., astures, (*Boletín del Centro de Estudios Asturianos*, núm. 3) deriva a verba *Guirrio*, co-a sua equivalente leonesa e palentina *birria*, do vasco *oguerría* — nadal, pois os Guirrios, Girlos, etc., d'Asturias, saen pol-o Nadal. En Lena, hai os *zaharones*, imitantes ós nosos *cigarrós*. O nome de *zamarrones* pódelle vir da vestimenta de pel ou felpudos, ou pode ser o mesmo de *cigarrós* alterado por contamiñación fonética e influencia semántica da verba *zamorra*. Vigil cita os zaharones de que fala a ley IV, tít. VI, Part. VII: «que cantan e facen juegos por precio».

A relación de todos istos costumes co-as danzas tolémicas prehistóricas foi xa indicada por Urias y Rin (*Sobre el origen de los Sidros, Zamarrones, etc.*, Boletín cit. n.º 3) e é cousa qu'axiña se vé no feito de levaren unha pelica

d'animal, resto do primitivo disfraz co que precuraban imitar ó *totem*, asegún pode verse principalmente nos estudos feitos en col dos aborixes d'Australia, por Spencer e Guillen, e encol dos da América do Norte por Boas. Son os chamados ritos miméticos, ou imitativos, cos que se trata de producir un fenómeno imitándoo, pol-a maxia que Durkheim chama simpática, e Frazer homeopática. O mais corrente é identificarse co *totem* ou animal sagrado, vestindose de xeito qu'un s'imeite a él e facendo com'il fai. Esto atópase na orixe de total-as relixiós pagás, e relaciónnase ademais co-a felicidá e co teatro, que s'orixinou tamén d'esto. Salomon Reinach en *Cultos, mitos et religión*, e Ridgeway en *The origin of tragedy* atoparon esto nos cultos gregos.

Efectivamente, nos *Misterios* tan sonados, dos gregos, especialmente nos d'Eleusis, representábase pol-os iniciados, chamados *mystes* e *epóptes*, a historia dos deuses. Igual acontecia no Exipto, asegún Lámblico e Plutarco. Pois ben, os povos primitivos ou salvaxes teñen tamén asociacíos segredas diferentes das totémicas, e ainda oportas - como os misterios opúñanse de certo xeito á relixión oficial - e os iniciados n-esas sociedades fan ritos e ceremonias miméticas, nas qu'ademas crián ante-

iles un vencello artificial d'irmandade (Véxase: Lang, *Mith, ritual and religión*, Londres, 1902), o qual conservase ainda nas asociacíos masónicas, coma probe de que nos mais diferentes estados de cultura atopase de cote certos pensamentos fundamentalmente - que ó cabo venen a ser os *Elementargedanke* de Basilián - e de que ten razón a moderna socioloxía en estudiá-los feitos sociáis nos agrupamentos humanos que nos semellan mais perto do estado primitivo.

Pois ben: ó voltaren d'Eleusis iniciados nos misterios, o pobo ogardábaos en determinado sitio do camiño, e ceibaba contra d'iles os mais tremendos aldraxes, sin qu'iles poideran responder. Igual que pasa cos *cigarrós* co *irrío*, os *charruas*.

Non quer esto dicir, crar'rá, qu'ísteles teñan orixe grega, senón qu'os cultos pagaos d'outros pobos e as supervivencias d'ísteles nos modernos pobos civilizados, teñen unha orixe común no estado pre-cultural da especie, do que s'orixinan as diferentes culturas. Pol-o tanto, temos que fillar os nosos *cigarrós*, *charruas*, *irrios*, *choqueiros*, etc., e os *guirrios*, *zamarrones* e *aguilanderos* asturiáns, ou nos ritos totémicos, ou nos das sociedades segredas primitivas.

V. R.



# OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

## DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

**E**M PRINCIPIOU o terceiro ano da sua secundísima laboura o importante centro de cultura galega que honra a Compostela. Damos eiqui breve nota das sesiós que se tiveron e dos traballos realizados no primeiro mes.

### Inauguración do curso.

Foi o sábado 9 d'Outuno, n'unha aula da Facultade de Letras. Doente o ilustre presidente do Seminario, Sr. D. Salvador Cabeza de León, presideu o Dr. Cotarelo.

O Segredario Sr. Tobío leeu a Memoria do curso de 1925-1926; e o Censor, Sr. Filgueira Valverde leeu unha relación dos socios ingresados e traballos leídos nas sesiós.

Despois o mestre Cotarelo deu unha conferencia na que deu conta do achadego d'un incunábulu compostelán, unha folia de reliquias, impreniada en 1495, en Santiago, por de la Passera, un dos imprensores do misal de Monferrey. O qual veu a probar que Santiago tivo imprenta xa nos primeiros tempos, e non agardou a 1601, coa que pensaron moltos. O traballo do Dr. Cotarelo, sinxelo e conciso, foi d'unha erudición prodiosa.

Na mesma sesión foron propostos pra socios os Sres. Carré Aldeo, Rodríguez González, Saenz Mon, Novás e Margot Spöner.

### Traballos feitos na primeira semán.

A selección de Catalogación Iconográfica dos Moimentos, cubriu mais de 500 papeletas de moimentos e catalogou 150 eirexas románicas.

Dos socios que residen fora de Compostela, recibíronse moitas comunicacions, papeletas bibliográficas e fotografías de moimentos.

Tamén son moltos os ouxelos que van recollidos pro Museo Etnográfico.

### Curso de Fonética.

Moi logo emprincipiará un curso de leciós en col de Fonética galega en comparanza coa dos demais idiomas peninsulares, a cargo de don Lois Tobío Fernández.

### Sesión do Sábado 23.

N-ela leeu o seu traballo de entrada o ilustre arquitecto diocesano e Director da Sección de Catalogación Iconográfica dos Moimentos, don Constantino Candeira. O tema foi: *Como murió el barroco en Santiago*, e é un traballo verdadeiramente dino de nota.

O Sr. Martínez López leeu unha comunicación en col de *Unha poesía inédita e autógrafa de Pondal*.

### Publicacions e outros traballos.

O derradeiro publicado é a *Síntese Xeográfica de Galicia*, de D. Ramón Otero Pedrayo que o Seminario publicou cos axuda do señor Portela Valladares. Foi publicada en *Lar* e a demanda d'eixemplares é ben grande. N-outro lado ocupámonos d'ela.

Logo se porá á venda *Hostia* de D. Armando Cotarelo, publicación tamén do Seminario.

O Director da Sección de Ciencias do Seminario Profesor D. Luis Iglesias, está rematando o seu traballo anual, que ha tratar de *Los insectos de Galicia*.

Desexamos ó Seminario unha brillante campaña científica no curso que comenza.

## M. MARGOT SPÖNER

**M**ARCHOU pra Portugal, despois de rematar o seu viaxe d'estudo pol-a nosa Terra, a distinta romanista alemana Margot Spöner.

Graduada na Universidade de Berlin, e adicada ó estudo da filosofía romana, a señora Spöner adica ó idioma galego unha atención preferente. Ten cáxeque rematado un traballo de muito volume en col do galego antigo, traballo que nos amosou, e pr'o qual ten aproveitado todos os documentos publicados da nosa Edade Media. Despois d'ise traballo impreso, conta adicar outro ó galego moderno, pra o qual xa recadou ben datos, e pra rematalo fará outro viaxe.

As suas impresiós de Galiza, así como muitos contos e ditos que recolleu nas suas andanzas pol-as aldeas, han ser publicados en NÓS, que d'iste xeito honrarese coa sua colaboración.

Leve feliz viaxe a Sra. Spöner, e se ipa qu'a acompaña a nosa devoción gallega.

## DIVERSIDADES

Pouco temos que dicir do Congreso Pedagógico da Crux. Si nos debates qu'ali houbo, e nas concrusiós qu'ali s'aprobaron, non s'atoparon en realidade ningunha novedade científica nin solución ningunha práctica pr'os problemas do ensenzo da nosa Terra, e si algunas ponencias que ó privativo de Galiza se referian, non chegaron a learse, en troques, o Congreso deu ocasión pra que algúna xente moza, disposta e seriamente preparada do Maxisterio,

da Inspección e do Profesorado da Normal, se vise, se coñecese e se relacionase.

N-Ourense celebrouse o centenario da publicación do primeiro volume do *Teatro Crítico* do P. Feixón, cun certame literario organizado pola Asociación da Prensa. O auto lido no teatro, no que fixo de mantenedor D. Anxel Ossorio Gallardo, foi solene e brillante, anque anacrónico. Compridentemente fora do espírito do noso tempo, que xa non gusta d'estas cosas.

Non hai forma de volver ós tempos do outro centenario, como tampouco se pode volver ós tempos de Doña Emilia Pardo Bazán.

## O PROBLEMA DA ETNOLOGIA

### HEBREUS NA PROTO-HISTORIA DA IBERIA

TODAS as pessoas um tanto versadas na proto-historia da Península Hispânica reconhecem o mistério, até aquí, impenetrável, de certas inscripciones ibéricas.

E, de ha muito, etnólogos de valór tinham chegado a una conclusión dolorosa, que era a seguinte: Não vale a pena tentar a descifração dessas inscrições; são caracteres, de ha muito perdidos, de uma lingua de ha muito morta, de un povo, de ha muito extinto...

E, perante o reconhecimento dessa incapacidade, enfrentava-se a esfinge e passava-se elem.

Ora, um sábio investigador portugués, após muitos anos de silenciosos e tenazes esforços, obrigou a esfinge a falar e conseguiu uma resposta e descoberta formidável.

E a descoberta é a seguinte:

As inscrições epigráficas, em questão, são documentos hebreus, gravados, en caracteres fonéticos, dos usados anteriormente a Edras.

O Sr. Major C. L. Santos Ferreira, o crédito investigador, a quem nos referimos e que realizou a maior descoberta epigráfica dos últimos tempos, na sua obra: *A Escrita Hierática dos Hebreus, revelada pola interpretação das Inscrições Ibéricas*, e cujo trabalho fecundo motivou esta comunicação, foi mais longe ainda: Descubriu as letras hebraicas, correspondentes aos caracteres ibéricos e constitui assim a traducción em hebreu moderno e em linguagem vulgar dessas inscrições, que se encontram em Bensafrim, Ossonaba, Castellón de la Plana, Ourique, etc., etc.

TODAS as pessoas cultas compreenderão o extraordinario valor des'a descoberto, na triple forma, ibérica, hebreia e latina.

É claro que a historia da primitividade da Iberia, a partir dos estudos deste eruditio inves-

figador, tem de tomar uma nova orientação, assim como o problema dos iberos, assume proporções mais vastas e, sobretudo, mais claras.

Efectivamente, ¿quem eran os iberos?

Após o Scisma das Dez Tribus, maniñen-se fieis as de Judá e Bejamin. Dispersam-se as outras, Viriam para a Iberia e constituiriam o nucleo de uma imigración poderosa? Não nos compete e seria longo reproducir e comentar as interesantes e imprisionantes conclusões do investigador portugués e as conclusões filológicas, a que chegou, tão perfeitas e claras, como a historia de hebreus primitivos da Peninsula, das suas lutas internas e contra Cartago, do seu contacto com o Arianismo, da questão mosarabe, etc., etc., questões, que o señor Major Santos Ferreira, utilizando as suas investigações e descobertas, aborda con lógica e criterio.

No entanto, prestemos-lhe homenagem, mesmo para que outros investigadores, e esse é o seu desejo a desenvolván e adeantem, quanto possível...

João ANTUNES

## LIBROS

SÍNTESIS XEOLÓGICA DE GALIZA,  
por RAMÓN OTERO PEDRAYO.  
Cruxia, 1926.

ESTE libriño, que é o IV volume da Biblioteca do Seminario d'Estudios Galegos, é o traballo d'entrada do autor n-aquel Centro da alta cultura galega.

É o primeiro traballo científico de Xeografía de Galiza que se fai con criterio moderno, ben superior a todo o que se ten feito n-iste orde na nosa Terra. E eso qu'ainda non é un traballo feito, senón un esforzo, unha esquisse, e mais así e todo, leva xa todol-as ideas fundamentais pra un conceito esauto, preciso e verdadeiro de Galiza no orde Xeográfico.

Estamos eiqui lonxe da *Sulza española*, dos fiords das rias, e demais tópicos mentireiros com'andan por ahí adiante. Estamos diante d'un traballo científico feito por quien é artista. O traballo leva as seguintes seccións: a) *Xeoxenia*, b) *Relevo*, c) *Litoral*, d) *Clima e vexetación*, e) *Xeografía humana*, f) *Xeografía económica*, g) *Paisaxe*. Como se vé, o orde ven ser o mesmo qu'o da parte xeral da *Guía de Galiza*, do mesmo autor; mais eiqui están más desenvolvidas, más feitas, más adiantadas, e ademais tenen a ventaxa de levar cinco mapas ou croquis do autor, onde s'espriican as principais alineacions montañosas, o litoral, os ríos baixos, o sistema fluvial do Miño Sil, e os outros ríos.

D'este libro e da sua utilidade, só compre dicir unha cousa: xa hai por onde estudar en pouco tempo relativamente – porque si as 80 páxinas que ten léñense en duas ou tres horas, estudasas como se deben estudar, que o millor é ollando o *Fontán*, servindo de guía os mapas da obra – xa hai por onde estudar a Xeografía de Galiza. E xa hai por onde estudala conforme ós derradeiros adiantos da cencia Xeográfica.

O MARISCAL, traxedia histórica en verso por RAMÓN CABANILLAS e ANTÓN VILLAR PONTE, dibuxos de Cebreiro, Ed. LAR, 1926.

**N**ON imos nós agora pôr nos cornos da lúa un libro que, embora moi tempo esperado, embora a sua coñecencia fora deixa hoxe un privilexio dos íntimos do gran poeta de Cambados ou do agudo ensayista da Crux, non por iso deixá de ser coñecido e ter resonante sona cand'aínda estaba inédito. Asina, tanto se poida dicir en loubanza d'*O Mariscal*, está xa dito polos millores, embora todo o referente a este libro pertenza ainda á tradición oral.

O certo é que *O Mariscal* ten na segunda renacencia galega, unha sinificación única en canto expresión das más fondas arelas da vida, do pensamento e da literatura da nosa Terra, no instante en qu'o concebiron seus autores. *O Mariscal*, en canto peza literaria, resume e pecha unha época da nosa literatura; en canto expresión idiomática, señala o vicio por onde van os verdadeiros, ata o punto de qu'o podemos dar coma pedra de toque pr'a probanza das almas, e escollemos somente aquelas que gusten do *Mariscal* no seu segundo aspeuto.

*O Mariscal* ten polo tanto unha importancia histórica qu'iguala o seu mérito. Crerá que hoxe, a xente ha ver mais a emoción dramática e as bellezas líricas da obra, e que o seu valor histórico ha aparecer despóis, cando pasados os anos se chegue a faguer clásica, e abrimola co respeito con qu'abrimos os *Quexumes dos Pinos*. Cand'iso chegue, quem sabe si a historia non lerá xa chegado a acadar a leenda, e si a *saga* de Pardo de Cela non estará feita historial con documentos? Anqu'elo, com'os autores saben ben, pouco importa. O mito crea; a historia non. E cand'o mito s'envolve en resoñencias d'ouro e ferro, coma nos bravos versos do Cabanillas, non hai sinón dár'le a razón ós autores, cando ponen a leenda porriba da historia, podendo dicir nós co-iles e co ilustre folklorista catalán Rosendo Serra: «Embora a historia severa oponha as suas dúbidas, porriba d'ela latexa a y-alma da raza».

No *Mariscal* trunfa a y-alma da Raza, e así s'expresa o galeguismo fondonísmo d'unha

## NÓS

obra que pola caste especial a que pertence – drama poético histórico – non pode por menos de lembrar outras do teatro castelán, as de Marquina especialmente, co-as que sostén a comparanza, e das que se diferencia no mais íntimo e ainda en pormenores de concepción e execución, mais fina sendo tan forte. No *Mariscal* trunfa na trama a y-alma da Raza, por mais qu'a cabeza do Mariscal rode no patíbulo; e trunfa na obra que pra faguela axuntou os dous inxenos mais diversos e mais galegos que temos hoxe.

Pol-o derradeiro, o teatro noso ten co *Mariscal* unha obra cuíme, xénero novo eiquí, que non sabemos cando lograremos ver na escea.

V. R.

## AS NOVELAS "LAR"

Xa leva *Lar* vintes e seis números. Dende *O Káliba* libera 30 HP coa que se revelou Xulián Magariños un humorista intrasante, un pouco da escola de Fernández Flórez, se cadra, saíron: *O consentimento*, de Luís G. Vicencio; *Desengano*, do poeta Pla Zubiri; *O home que deu vida a un morto*, estrana e atractiva pantomía de Leandro Carré; *A Coutada*, de Vicente Risco, boa novela anque teorizada de mais; *Xelo, o salvaxe*, de Fernández Armesto; *O Karma de Parrucho Filgueira*, coa que se revela Anxel Romero Cerdeirinha, picado tamén polo berme do ocultismo, e *A filla da Patrona*, de Xan Xesús González.

Agora surtiu unha de Gonzalo López Abente: *Fuxidos*, que si ben non é mais que unha sluxela historia d'amores – o amor que prende no curazón indefenso d'unha rapaza nova, d'esas viúvas d'vívos qu'os seus homes deixan a pouco de casados pra marcharen pra América – desenvólvese nun fondo de mar bravo descrito con tan gráfica e perfeita sinxeleza, que lembra o das *Aran Islands* de Synge. É un acerto mais d'este poeta do mar que é o López Abente. En total-as páxinas sintese o balbor e o aroma salgado e friento do mar de Muxía, que ó cabo remata por levar ós dous amantes, n'unha maruxia tráxica.

S. N.

## REVISTAS

A GUÍA. Porto, números 37 a 48.

VEN iste volume inzado de doutrina filosófica, á que contribuyen: José Sant'Ana Dionisio (*O Bergsonismo e o Nietzsche*), F. Neelon de Macedo (*Filosofía e historia da filosofía*), Leonardo Coimbra (*Liberdade e autoridade*), Eugenio Aresia (*O espírito contemporâneo*), Versos de Luis Cardim, J. de Almeida, Augusto Casimiro, Mario Beirão, Antonio de Sousa, Traballos de Vila-Moura en col de Mario Beirão, Hernani Cidade en col de

Garret, de Mendes Corrêa sobre antropoloxía e bioquímica e sobre unha gravura rupestre, de A. do Paço sobre indumentaria popular, de Luis Cardim sobre educación nos Estados Unidos. Deseños de Victorino Ribeiro e Antonio Carneiro.

BIBLOS, Coimbra, Xunho, Xulho, 1926.

**S**UMARIO: Dr. Mendes dos Remedios, *Finta para o pagamento do Perdão*. — A. J. de Costa Pimpão, *A Crónica de Gulná de Gomes Eanes de Zurara*. — Dr. Mario Brandão, *Contribuições para a historia da Universidade de Coimbra. Uma oração académica do Renascimento*. — Ernesto Donato, *Os reservados da Biblioteca da Universidade de Coimbra*. — Dr. Mario Brandão, *Uma carta acerca da viagem do Cardeal Alexandrino a Portugal*. — *Livros de Portugal*. — Varia.

A NOSA TERRA, A Cruña, 1.º Oulono.

**A** interessante revista das Irmandades da Fala publica o seguinte sumario: Ao decorrelar os días; O que todo galego ten que saber, resume d'etnografía galega, A canción galega, por J. V. Viéqueira; A casa onde morreu Rosalía; Estancamiento e evolución, por Magariños Negreira; En poucas verbas; Nai Galicia! poesía de Carmen Prieto; No camiño de Sanx-Iago, por Xavier Pardo; A presidencia da Academia Gallega; Lecturas.

1.º Novembre 1926.


**S**UMARIO: *No Congreso pedagóxico rexional*, atinadas consideracións en col d'iste asun-

to, pola Redaición; *Duas opiniós de Nicolás Berdaieff*, por Ramón Otero Pedrayo; *Bohemia galega*, por Magariños Negreira; *No camiño de Sant-Iago*, por Xavier Pardo; *O teatro Catalán*, de redaición; *Para os da Terra*, por Coroua González, unha dona que viveu a emigración e ergue a sua voz contra esta plaga da nosa Terra; *Homenaxe a Manuel Lorenzo*, reseña dos aitos celebrados no Ferrol en honor de tan enxebre gaiteiro; *Cousas*, por Victor Casas; *Os galegos en Chile*; *Hores viatxeras*; *Liñas de loito*; *Galo Salinas, Barcia Caballero e Luís Porteiro — Lecturas*.

ORIENTACIONES, Madrid, Julio, 20, 1926, número 1.

**R**EVISTA que dirixe en Madri o noso compatrioto Francisco J. Fariña, e onde colaboran: Juan Guiñé (Política), F. Rivera Pastor (Derelito), C. Pereyra (América), Manuel Abril (Blástica), A. Marichalar (Literatura), J. O'Donnell e C. González y Torres (Teatro). Oscar Esplá e Gustavo Durán (Música). A. Fabra Rivas (Cusliós Sociós), F. J. Fariña (Economía e Finanzas), Luis L. Ballesteros (Revistas) e Edgar Neville (Sports). No 1.º número enfoca a actualidade dun xeito xeral moi atinadamente, respondendo ó programa qu'espón. Trai un estudo da obra pictórica de Solana, actualidades literarias e teatrás, en col d'unha sonata de Strawinsky, sobra organización internacional do traballo, etc.

Imprenta LAR. Real, 36 - A CRUÑA



## Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5-1.º

A CRUÑA

Apartado 67

Teléfono urbano 78  
Id. Interurbano 49

# Fernández, Torres e C.<sup>a</sup>

FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRÍA  
MAQUINARIA AGRÍCOLA

Linares Rivas, 12

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

MERQUE VOSTEDE

DROGUERIA E FARMACIA

Plumeiros RAFIUM

Progreso esquina a Luis Espada  
OURENSE

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndense en todolos estabrechamentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

M. Calviño  
OURENSE



A mais económica de Galicia

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTESIS XEOGRÁFICA DE GALICIA  
por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO

DIREITORES

Manuel Peña Rey

José Mosquera Blanco

Ginecología e Partos

Cirugia geral

Especialista na gorrxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, en todolos condicíos precisos.—Practicase todo cras d'operacíos.—Dolido de todolos  
adiestros que pide a actual Cirugia.—Modernas Instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda,  
con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Axéites, procesos inflamatorios, reumalismo, etcétera.

Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulosis, rachitismo, alopecia, eczemas, etcétera.  
Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado pea fora da cidade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren  
todolos compañeros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE, LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

# Augas bicarbonatado-sódicas de MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño  
O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.<sup>º</sup> de Mayo a 31 de Outubro

*1000*

F. ROMAN E SACO  
DROGUERIA  
e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

---

ADEQUIRA  
SÍNTESIS GEOGRÁFICA  
DE GALICIA POR R.  
OTERO PEDRAYO

TRES pesetas



SÍ LLE INTRESA  
O MARISCAL

Lenda tráxica-histórica por

Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte

Pídalo á Administración de LAR Real, 36 1º - A Cruña a 3'50 pesetas